

**PREMIO DE LITERATURA INFANTIL
*O BARCO DE VAPOR***

BASES 2010



Premio de Literatura Infantil O BARCO DE VAPOR

BASES 2010

A FUNDACIÓN SM convoca o **Premio O Barco de Vapor 2010** coa finalidade de promover a creación dunha literatura para nenos que fomente o gusto pola lectura e transmita, con calidade literaria, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno.

Este Premio concederáse de acordo coas seguintes BASES:

1. Poderán optar ao Premio todos os escritores/as que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade ou procedencia, sempre que as obras que presenten se axusten ao concepto comunmente aceptado de novela, estean escritas orixinalmente en galego, sexan orixinais, inéditas e non fosen premiadas en ningún outro concurso, nin correspondan a autores falecidos con anterioridade **ao** anuncio desta convocatoria. Tamén quedarán excluídos os orixinais que resultasen ser da autoría do gañador/a da convocatoria inmediatamente anterior. Non se poderá presentar ao Premio o persoal da FUNDACIÓN SM ou do GRUPO SM.
2. A extensión das obras será como mínimo de **50 páxinas**, tamaño DIN A4 (210 x 297mm) mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara. Deberanse enviar tres orixinais impresos, encadernados ou cosidos **e unha** versión en soporte informático (disquete de ordenador ou CD). Cada orixinal irá asinado con pseudónimo, sendo obrigatorio acompañar dun sobre cerrado con nome, apelidos, enderezo e teléfono de contacto do autor/a. Ademais, o autor/a declarará por escrito que a obra enviada é orixinal, inédita e non premiada en anteriores concursos, e que non está pendente de ditame noutros premios nin ten comprometidos os seus dereitos con outra editorial.
3. Os orixinais remitiranse **ao** seguinte enderezo:

Ediciones SM
C/ Impresores, 2
Urbanización Prado del Espino
28660 Boadilla del Monte
Madrid (España)

Indicando claramente no sobre: **Para o Premio O Barco de Vapor.**

Publicada a resolución, os orixinais non premiados e as súas copias serán destruídos sen que caiba ningunha reclamación neste sentido. A entidade organizadora non se fai responsable das posibles perdas ou danos dos orixinais, nin das tardanzas ou calquera outra circunstancia imputable a correos ou a terceiros que poida afectar aos envíos das obras participantes no Premio.

4. O prazo de admisión de orixinais cerrárase o **15 de xaneiro de 2010**. Admitiranse todos os orixinais recibidos ata esa data ou cuxo cuño de correos sexa previo á mesma. Polo feito de presentárense **ao** Premio, os autores/as aceptan as presentes bases e comprométese a non retirar a súa obra unha vez presentada **ao** concurso.
5. O xurado será nomeado pola FUNDACIÓN SM e estará formado por especialistas en literatura, pedagogía e educación e por unha representación da entidade organizadora. A composición do xurado non se fará pública ata o mesmo día da concesión do Premio.
6. A decisión do xurado será inapelable.
7. O xurado estará facultado para resolver toda cuestión da súa competencia que non quedase establecida de modo explícito nestas bases.
8. Establécese un único Premio, indivisible, dotado coa cantidade de **6.000 euros**. A concesión do Premio leva incluída a edición —por parte **de** SM XERME— **da** obra premiada. O importe do premio computarase á conta dos dereitos de autor que se estipulen no contrato de edición. Este contrato subscribírase de acordo cos termos expostos nas presentes bases e na Lei de Propiedade Intelectual.
9. O autor/a da novela gañadora cede á Ediciones SM o dereito exclusivo de explotación da súa novela en todas as súas modalidades, para todo o mundo e para o prazo máximo de duración establecido pola lexislación vixente. Ademais, o gañador/a comprométese a participar persoalmente nos actos de presentación e promoción da súa obra que a editorial considere adecuados.
10. Ediciones SM resérvase un dereito de opción preferente para publicar calquera novela presentada **ao** Premio que, non resultando gañadora, sexa considerada de interese, previa subscripción do correspondente contrato co seu autor/a, nas condicións habituais para esta colección.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal informámoslle de que os datos dos participantes poden ser incorporados a un ficheiro automatizado do que é responsable FUNDACIÓN SM-EDICIONES SM, autorizando o seu tratamento automatizado para a súa utilización con fins informativos, promocionais e estatísticos por parte desta. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito, xuntando fotocopia do seu DNI, a FUNDACIÓN SM- EDICIONES SM, C/ Impresores 2, Urb. Prado del Espino. 28660 Boadilla del Monte, Madrid. Os datos que nos facilite poderán ser cedidos con fins comerciais, incluída publicidade por medios electrónicos, ás empresas do noso Grupo que constan na seguinte: <http://www.grupo-sm.com>; se vostede **non** o desexa, por favor comuníqueno.

MÁIS INFORMACIÓN:

Fundación SM



C/ Joaquín Turina, 39
28044 Madrid
Tel.: 34 91535 96 00
Fax: 34 91535 96 01
fsm@fundacion-sm.com
www.fundacion-sm.com

Grupo SM



C/ Impresores, 2
Urbanización Prado del Espino
28660 Boadilla del Monte
Madrid
Tel.: 34 91 422 6209 / 6699
Fax: 34 91 422 6120
comunicacion@grupo-sm.com
www.grupo-sm.com